

Lucía García Rey / Christian García Bello

—Por que utilizas a performance como medio habitual de expresión?

—Realmente, a arte de acción non é o ámbito onde nos adoitamos mover. Utilizamos o proceso performativo para esta peza xa que era a única das disciplinas que se adaptaba ao que queriamos contar, malia que a arte de acción non adoita ser a máis habitual para nós. O que nos interesou foi o tema proposto para as xornadas; polo tanto, preparamos un proxecto específico para a edición mesturando o humor e o propio acto performativo como eixes temáticos.

—Cales son as preocupacións fundamentais no teu traballo?

—Ambos os dous estamos de acordo á hora de dicir que non temos unha serie de preocupacións fundamentais no noso traballo. Xeralmente, tocamos temas como a vida cotiá na cidade ou a propia historia da arte, pero mantémonos abertos a todo tipo de problemas e novos temas para tratar.

—Dáme un mínimo de seis adxectivos que —segundo o teu criterio— definan o que é arte para ti.

—Divertida, comunicativa, transcendental, crítica, necesaria, temporal e atemporal, emotiva, entrañable.